

OCUPACIÓN LABORAL DO ALUMNADO QUE REMATOU A FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAÑO NO ANO 2013

Resultados do estudo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**FORMACIÓN
PROFESIONAL**



Título:

Ocupación laboral do alumnado que rematou a formación en centros de traballo no ano 2013.

Financia:

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Elabora:

IDEARA S.L.

Edita:

IDEARA S.L.

Lugar e data:

Santiago de Compostela, Xuño de 2014

Fonte imaxes portada:

<http://es.123rf.com>. Autores: goodluz (imaxes horizontais), luchschen (imaxe vertical)

1. INTRODUCCIÓN	7
2. RESULTADOS	15
2.1. SITUACIÓN XERAL DO ALUMANDO QUE REMATOU A FCT EN GALICIA	19
2.1.1. Principais conclusións da análise	19
2.1.2. Análise da inserción laboral do alumnado	21
2.1.3. Descrición do primeiro emprego	31
2.1.4. Descrición do emprego actual	37
2.1.5. Continuidade doutros estudos	43
2.1.6. Carácter emprendedor do alumnado	47
2.2. RESULTADOS POR FAMILIAS.....	51
2.2.1. Diagnose comparativa das familias	52
2.2.2. Diagnose familia a familia	68
2.3. RESULTADOS POR CICLOS.....	137
3. METODOLOXÍA E ANEXOS	161
3.1. METODOLOXÍA	161
3.2. ANEXOS.....	163
Anexo I. Cuestionario	163
Anexo II. Descrición da mostra	165
Anexo III. Índice de gráficas	168
Anexo IV. Índice de táboas	171


INTRODUCCIÓN |

1. INTRODUCCIÓN

A inserción laboral e o desemprego son dúas das principais cuestións que se observan con preocupación desde as distintas esferas gobernamentais, pois a capacidade de xerar emprego é un dos factores que determinan a estabilidade económica e social dunha sociedade como a nosa.

Para o acceso ao emprego, o sistema de formación profesional engloba un conxunto de ensinanzas ou accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións. Inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial ou regrada, as accións de inserción e reinserción laboral das persoas desempregadas (formación profesional ocupacional) e as accións encamiñadas á adquisición e actualización permanente das competencias profesionais das persoas traballadoras (formación profesional continua).

En relación á formación profesional regrada ou inicial, os ciclos formativos de formación profesional constitúen un eixe estratéxico para axudar na inserción laboral dos mozos e mozas, así como de calquera persoa que queira mellorar a súa situación no mercado de traballo. Ao final dos ciclos formativos englóbese o módulo profesional de



formación en centros de traballo (FCT), de obrigado cumprimento e co que se procura aplicar as competencias profesionais adquiridas a través dos contidos formativos impartidos no centro educativo en situacións reais de traballo desenvolvidas en empresas ou institucións colaboradoras. A realización de prácticas do ciclo en centros de traballo permite ao alumnado, ademais de aplicar os coñecementos aprendidos na aula, adquirir novas capacidades e habilidades da realidade empresarial, así como un primeiro achegamento ao mercado de traballo, aos contactos profesionais e favorecer a súa inserción laboral.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ven programando desde hai anos a realización de estudos para coñecer a realidade laboral das persoas tituladas de FP en Galicia en cada curso escolar, así como do alumnado que rematou a FCT no último ano. A finalidade destes estudos é avaliar o grao de consecución dos obxectivos fundamentais da Formación Profesional, en especial coñecer a situación laboral e as vías de adquisición de emprego do alumnado que rematou a súa formación, así como a traxectoria formativa escollida por estes/as e que serve como referente a ter en conta pola Administración educativa para a planificación da oferta de formación profesional para vindeiros cursos.

Este informe mostra os resultados acadados para o estudo da **ocupación laboral do alumnado de FP en Galicia que rematou a formación en centros de traballo no ano 2013** e que completa os estudos de inserción laboral da Consellería para este ano, xunto co realizado sobre a inserción laboral dos titulados/as de FP no curso 2011-2012.

Os datos recompiláronse mediante a realización dunha enquisa (ver anexo I no capítulo 3.2), aplicada sobre unha mostra representativa do colectivo obxecto de estudo, de modo que permite coñecer os resultados por familias profesionais, grao dos ciclos, xénero e zona. O deseño mostral tamén asegura a representatividade dos ciclos.

Esta operación estatística atópase recollida no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia de 2014, aprobado a través do Decreto 188/2013 do 19 de decembro (DOG nº 249, do 31 de decembro de 2013). No citado decreto, na meta de información 2.3. “Educación e capital humano”, inclúese a meta 2.3.6. denominada “Tránsito do sistema educativo ao mercado laboral”, na que se engloba a operación 23-601, de Inserción laboral dos titulados/as de formación profesional (páxina 52.965).

Antes de presentar os resultados acadados neste estudo, faise unha pequena descrición da situación actual do emprego e da educación en Galicia, especialmente sobre a evolución do número de persoas matriculadas nos ciclos formativos de formación profesional na nosa Comunidade, e que serve para coñecer a situación experimentada no momento no que se realiza a enquisa e de contexto para os seguintes resultados recollidos neste informe.

- **Situación do emprego en Galicia**

Para presentar as cifras de persoas desempregadas e ocupadas en Galicia acódesse aos datos aportados pola Enquisa de Poboación Activa (EPA), dispoñible na web do Instituto Galego de Estatística (IGE)¹.

No ano 2013 rexístranse en Galicia, segundo datos da EPA, 284,6 miles de persoas en situación de desemprego (14.100 persoas desempregadas máis que no ano anterior), representando unha taxa de paro² nese ano do 22%, sendo do 22,3% para homes e do 21,7% para mulleres. Por idade, obsérvase na táboa 1 que as maiores taxas de paro corresponde ás persoas menores de 35 anos.

¹ Dispoñible en: http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204008

² Taxa de paro: porcentaxe de persoas desempregadas sobre o total de poboación activa

Táboa 1. Taxa de paro en Galicia no ano 2013 por grupos de idade e sexo (%)

Grupos de idade	Total	Homes	Mulleres
de 16 a 19 anos	64,8	60,6	70,9
de 20 a 24 anos	48,1	49,6	46,4
de 25 a 29 anos	30,7	32,0	29,4
de 30 a 34 anos	23,9	23,8	24,0
de 35 a 39 anos	20,4	20,3	20,5
de 40 a 44 anos	18,7	17,7	19,9
de 45 a 49 anos	18,0	17,7	18,3
de 50 a 54 anos	18,7	20,3	16,7
de 55 a 59 anos	16,4	17,4	15,1
de 60 a 64 anos	15,0	16,6	12,9
de 65 e máis anos	1,4	1,6	1,1
Total	22	22,3	21,7

Fonte: Enquisa Poboación Activa (IGE-INE)

O colectivo de persoas desempregadas en Galicia buscando o seu primeiro emprego pasou, desde o ano 2010 ao 2013, de 15.900 a 23.000 persoas (datos da EPA), aumentando polo tanto un 44,65% respecto a hai catro anos. No caso das persoas entre 25 e 34 anos este incremento acadou o 60% respecto aos desempregados/as que demandaban o seu primeiro emprego no ano 2010 (ver táboa 2).

Táboa 2. Persoas desempregadas en Galicia buscando o seu primeiro emprego por tramos de idade (miles de persoas)

	Total	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	35 e máis anos
2010	15,9	9,7	4,0	2,2
2011	17,6	10,0	5,0	2,7
2012	21,2	12,1	6,5	2,6
2013	23,0	14,1	6,4	2,4

Fonte: Enquisa Poboación Activa (IGE-INE)

Analizando o número de ocupados e ocupadas en Galicia no ano 2013, hai un total de 1.006,4 miles de persoas ocupadas, que representan unha taxa de ocupación³ nese ano do 42,2%, sendo do 46,5% para homes e do 38,3% para mulleres. Por idade, reflíctese na táboa 3 que as taxas de ocupación van aumentando a medida que aumenta a idade dos ocupados/as ata os 45 anos, idade a partir da que empezan a decrecer. As maiores taxas acádanse nas persoas de 35 a 44 anos (ao redor do 71%). As persoas empregadas de menos de 35 anos representan o 26,1% do total de ocupados e ocupadas no ano 2013, sendo o 14,2% deste colectivo persoas menores de 25 anos.

³ Taxa de ocupación: porcentaxe de persoas ocupadas sobre o total de poboación de 16 ou máis anos


Táboa 3. Taxa de ocupación en Galicia no ano 2013 por grupos de idade e sexo (%)

Grupos de idade	Total	Homes	Mulleres
de 16 a 19 anos	3,2	4,2	2,2
de 20 a 24 anos	27,5	27,7	27,2
de 25 a 29 anos	59,3	59,3	59,2
de 30 a 34 anos	68,6	70,7	66,6
de 35 a 39 anos	71,5	74,4	68,6
de 40 a 44 anos	71,2	75,8	66,6
de 45 a 49 anos	68,0	72,7	63,4
de 50 a 54 anos	62,7	66,9	58,6
de 55 a 59 anos	53,1	59,5	46,9
de 60 a 64 anos	33,9	37,8	30,2
de 65 e máis anos	1,7	2,3	1,3
Total	42,2	46,5	38,3

Fonte: Enquisa Poboación Activa (IGE-INE)

O número de ocupados ao longo dos últimos catro anos presenta unha evolución decrecente durante todo o período (ver gráfica 1), cunha variación anual no ano 2013 respecto ao ano anterior do redor do 3,9% (40.800 persoas menos). O número de ocupados/as menores de 35 vai diminuindo en todo o período de análise 2010-2013, mentres que o número de persoas ocupadas de máis idade vai en aumento.

Gráfica 1. Evolución de ocupados e ocupadas en Galicia (miles de persoas)



Fonte: Enquisa Poboación Activa (IGE-INE)

Como se recolle na seguinte táboa, o maior número de ocupados/as por sectores de actividade atópanse na industria e servizos, co 15,2% e 70,4% do total de persoas ocupadas no ano 2013 respectivamente. En xeral, nos sectores prodúcese unha evolución decrecente. Nas actividades de pesca e acuicultura existe unha flutuación nestas variacións.

Táboa 4. Evolución de ocupados e ocupadas en Galicia por sector de actividade (miles de persoas)

	Total	Agricultura, ganadería, caza e silvicultura	Pesca e acuicultura	Industria	Construción	Servizos
2010	1104,5	67,9	20,4	172,7	104,9	738,7
2011	1089,3	64,8	18,7	176,4	91,3	738,1
2012	1047,2	59,3	20,3	164,9	79,3	723,4
2013	1006,4	56,3	18,1	153,3	69,3	709,4

Fonte: Enquisa Poboación Activa (IGE-INE)

- **Análise das ensinanzas non universitarias en Galicia. Os ciclos formativos**

O sistema educativo español non universitario divídese en ensinanzas de réxime xeral (ensinanzas ordinarias, de adultos e educación especial) e ensinanzas de réxime especial.

A continuación preséntanse os datos relativos ás ensinanzas de réxime xeral, con mención especial aos ciclos formativos, que son o obxecto deste estudo, recollidas no informe “Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2013-2014”⁴ (setembro 2013) da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

No curso escolar 2012-2013 (datos provisionais) existen en Galicia 1.444 centros, tanto públicos como privados, que impartiron ensinanzas non universitarias de réxime xeral, contando cun volume de 384.699 persoas matriculadas. Destas, o 11,2% corresponde a matriculados/as en ciclos formativos (ordinarios e en réxime adultos).

Táboa 5. Persoas matriculadas en Galicia no curso 2012-2013 (datos provisionais) nas ensinanzas non universitarias de réxime xeral


	Centros públicos	Centros privados	Total matriculados
Ed. Infantil	47.197	20.519	67.716
Ed. Primaria	92.544	40.194	132.738
ESO	60.988	26.508	87.496
Bacharelato ordinario	26.000	4.999	30.999
Ciclos formativos ordinarios	27.381	6.617	33.998
Prog. Cualificación Profesional Inicial (PCPI)	4.218	460	4.678
Ed. Secundaria para adultos	6.892	127	7.019
Bacharelato adultos	8.088	22	8.110
Ciclos formativos adultos (oferta modular)	9.220	0	9.220
Ensinanzas básicas iniciais adultos	1.326	0	1.326
Ed. Especial	620	779	1.399
Total	284.474	100.225	384.699

Fonte: “Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2013-2014”. Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia. (Setembro 2013).

⁴ Dispoñible en: <http://www.edu.xunta.es/web/node/1196>

Atendendo á evolución do número de matriculados/as nos ciclos formativos, antes do ano 2008 o número de persoas matriculadas en Galicia nestas ensinanzas amosaba un decrecemento curso tras curso (ver gráfica 2 e táboa 6). O curso lectivo 2008-2009 supuxo un punto de inflexión nesta evolución, e a partir do ano 2008 o número de alumnado matriculado nestes estudos empeza a crecer a un ritmo positivo ata o día de hoxe, obtendo unha estimación para o curso 2013-2014 de 34.755 alumnos/as. Estes datos presentan para os últimos cursos cifras de matriculados/as próximas ás recollidas hai dez anos.

Gráfica 2. Evolución do alumnado matriculado en ciclos formativos en Galicia



Fonte: "Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2013-2014". Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia. (Setembro 2013).

Táboa 6. Persoas matriculadas en Galicia en ciclos formativos nos últimos cursos

	2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013
Centros públicos (*)	23.536	23.187	23.899	25.402	27.381
Centros privados (ciclos non concertados)	1.985	2.078	2.474	2.460	2.535
Centros privados (ciclos concertados)	3.475	3.578	3.753	4.111	4.082
Ciclos formativos ensinanzas ordinarias	28.996	28.843	30.126	31.973	33.998
Oferta modular/ciclos formativos ensinanzas adultos	3.573	4.802	5.906	6.772	9.220

Nota: Os datos do curso 2012-2013 son provisionais. A ensinanza de ciclos formativos concértase por ciclos. Nun mesmo centro poden impartirse ciclos concertados e non concertados.

(*) Inclúense os alumnos matriculados en módulos profesionais de nivel II.

Fonte: "Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2013-2014". Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia. (Setembro 2013).

RESULTADOS |

2. RESULTADOS

Ao longo dos seguintes apartados dentro deste capítulo iranse detallando os resultados obtidos mediante a enquisa de *Ocupación laboral do alumnado de FP en Galicia que rematou a FCT no ano 2013*. O guión de preguntas do cuestionario poden consultarse no anexo I do capítulo 3.2 Anexos deste informe.

A recollida desta información prodúcese entre catro meses e un ano despois de que o alumno/a rematara a FCT, permitindo coñecer como é o comezo da súa inserción laboral.

No tratamento do emprego na enquisa referímonos a dúas posibles situacións de emprego da persoa: ao seu **primeiro emprego** e ao seu **emprego actual**. Cando se fale do “emprego actual” faise referencia ao emprego que ten o alumno/a entre finais de abril e mediados do mes de maio de 2014, datas nas que se realizou a enquisa.



Á hora de considerar a situación laboral actual do alumnado tomouse en conta como “**persoa traballadora**” aquela que ten un traballo por conta allea ou exerce unha actividade por conta propia de

“polo menos unha hora na última semana, a cambio dun soldo, salario ou beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie, aínda que estivese temporalmente ausente do traballo (por enfermidade, vacacións, festas, mal tempo, excedencia, parada temporal...)” (definición da EPA).

Os resultados do estudo preséntanse de forma global para o total do universo estudado, por familias e por ciclos formativos. Algúns resultados globais compararanse cos obtidos no estudo da edición anterior, realizado hai dous anos ao alumnado de FP que rematou a FCT no ano 2011 (dispoñible na web da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa⁵). No caso dos resultados por familia, estes mostraranse familia a familia e comparando as unhas coas outras. Ademais, a maior parte dos resultados expoñeranse desagregados en función do xénero do alumno/a, grupos de idade, grao do ciclo e provincia. No caso da análise por provincia, esta realízase principalmente por provincia do centro formativo, por considerarse esta un marco de referencia común entre todos os datos e sobre todo entre o primeiro emprego e o emprego actual, permitindo realizar unha comparativa entre estes dous

⁵ Dispoñible en: <http://www.edu.xunta.es/fp/insercion-laboral>

tipos de emprego e coñecer os resultados por provincia dos centros de FP. A situación laboral actual recollerase, ademais, tendo en conta a provincia de residencia dos alumnos e alumnas, xa que este é un factor determinante para a obtención dun posto de traballo.

Os principais aspectos nos que se centran os resultados son os seguintes:

- Situación laboral actual: taxa de inserción laboral, situación actual dos alumnos/as (traballando, estudando ou buscando emprego), tempo en conseguir un emprego.
- Datos do primeiro emprego e do actual: relación co ciclo estudado, vías de inserción laboral.
- Continuación doutros estudos.
- Espírito emprendedor do alumnado.


Nota: Debaixo de cada gráfica e táboa de resultados recóllese o universo estimado de alumnado (N) ao que corresponden os datos que se presentan nos seguintes capítulos, partindo de que o número de alumnos/as de FP en Galicia que remataron a FCT no ano 2013 foi de 12.927 persoas.

RESULTADOS

Situación xeral do alumnado que rematou a FCT en Galicia

2.1. SITUACIÓN XERAL DO ALUMANDO QUE REMATOU A FCT EN GALICIA

2.1.1. Principais conclusións da análise



A taxa de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT no ano 2013 dos ciclos formativos galegos de FP é do 38,8%, representando a porcentaxe de persoas que están traballando no momento da recollida dos datos sobre o conxunto de alumnado activo. Considerando a actividade principal que realiza a totalidade de alumnos/as, o 30,6% do alumnado está traballando actualmente ao menos unha hora á semana despois duns meses de rematar a súa formación (taxa de ocupación para o conxunto de FP). Este dato supera ao rexistrado no estudo da edición anterior (20,1%). Mentres, o 48,2% está buscando emprego, o 20,7% estudando e un 0,4% noutra situación (estes dous últimos grupos constitúen a poboación de alumnado inactiva). Os grupos de alumnos/as de menos de 20 anos e entre 20 e 24 anos, que representan o 31,4% do total do alumnado que rematou a FCT, contan cunha taxa de ocupación do 21,3% e do 26,6% respectivamente. Estas porcentaxes son similares ou están por riba da taxa de ocupación xeral rexistrada en Galicia para esas idades. No caso do colectivo de 25 a 29 anos, a súa taxa de ocupación (39,3%) está por debaixo da taxa xeral recollida en Galicia, representando este conxunto o 54,4% do universo de alumnos/as.

O nivel de ocupación entre ambos os dous xéneros é moi similar. A taxa das mulleres supera á dos homes soamente nun 1%. Polo grao dos ciclos formativos, a taxa de ocupación é igual nos alumnos e alumnas dos ciclos de grao medio que nos de grao superior (30,6%), e os centros de FP da provincia de Ourense contan coa maior taxa de ocupación do conxunto de persoas que remataron a FCT no ano 2013, co 38,2% do alumando traballando. No lado oposto encóntranse os centros de Pontevedra, co 28,4% dos alumnos e alumnas ocupando un posto de traballo.

Á porcentaxe de alumnado que está traballando, hai que engadirlle un 15,8% que obtivo algún emprego tras rematar o seu ciclo formativo e un 1% que xa o tiña. O 52,7% restante non obtivo ningún emprego tras rematar os seus estudos.

O 72,2% dos alumnos e alumnas que conseguiron un posto de traballo tras rematar os estudos, obtivérono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ou antes de 6 meses). Destaca un 10,2% que xa tiña emprego antes de comezar co ciclo.

En relación ao **primeiro emprego** desempeñado polo alumnado que agora non está traballando pero que obtivo algún posto de traballo ao finalizar o ciclo formativo, o 56,5%

ocuparon postos de traballo relacionados coa formación rematada. O 32,6% obteñen o seu primeiro emprego a través da empresa onde realizaron a formación en centros de traballo. Entre as outras vías existentes empregadas polo resto de persoas que conseguen un posto, estas acceden por contactos persoais ou familiares (49,8%), mediante o envío do currículo por iniciativa propia (20,3%) ou por anuncios publicados en medios de comunicación, taboleiros de anuncios ou ofertas en Internet (10,4%). O autoemprego como alternativa para traballar ten pouca representatividade neste colectivo.

Tendo en conta o **emprego actual**, o 59,7% do alumnado que rematou a FCT e que está traballando na actualidade ocupa postos de traballo relacionados co ciclo formativo, dato inferior ao obtido no estudo da edición anterior (71,6%).

En relación ás vías de acceso ao emprego actual, o 29% do alumnado que está traballando fano na empresa onde realizaron as súas prácticas, resultado por debaixo do recollido no estudo de hai dous anos (35,9%). O resto de alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual principalmente mediante os contactos persoais ou familiares (43,8%), seguido do envío do currículo por iniciativa propia (23,5%) e os anuncios en medios de comunicación, taboleiros e Internet (10,5%). O autoemprego experimenta un aumento con respecto ao recollido na enquisa pasada, pasando do 3,4% ao 7,7%.

O 43,3% do alumnado continúa estudando tras rematar o ciclo formativo, un 2,3% máis que no estudo realizado na edición pasada. Proseguen a súa formación con outro tipo de formación (cursos para desempregados/as ou traballadores/as, por conta propia en centros de formación privados, preparando oposicións ou estudando idiomas, entre outros), outro ciclo formativo (31%) ou cunha carreira universitaria (25,1%).


O 10,3% dos alumnos e alumnas declaran ter a intención de crear a súa propia empresa nun futuro e seis de cada sete destas persoas teñen desexo de creala a medio prazo, é dicir, entre un e tres anos. Este espírito emprendedor manifestase máis nos homes, nos alumnos/as de ciclos de grao medio e no alumnado dos centros da provincia de Ourense e Lugo.

2.1.2. Análise da inserción laboral do alumnado

• Situación laboral actual

Tras a recollida dos datos, obtense no estudo unha taxa de inserción laboral⁶ de alumnos/as de FP que remataron en Galicia a formación en centros de traballo no ano 2013 do 38,8%, representando a porcentaxe de alumnos/as que están traballando no momento actual sobre o conxunto de alumnado activo. Dentro do colectivo de activos/as, existe un grupo de persoas que ademais de estar traballando ou buscando emprego continúan formándose e que pode verse en detalle no capítulo 2.1.5 deste informe.

Gráfica 3. Inserción laboral actual⁶ do alumnado que rematou a FCT no ano 2013




N = 10.190

Tendo en conta a situación xeral actual do total de alumnos/as de FP que remataron a FCT no ano 2013 (12.927 persoas), recóllese na gráfica 4 un 20,7% de persoas que optan de forma prioritaria por continuar estudando en lugar de buscar a súa inserción laboral no mercado de traballo e un 0,4% que está noutra situación. A porcentaxe de xente estudando como situación laboral principal é menor nesta edición que no estudo anterior (33%). No conxunto global de alumnado que rematou a FCT, as persoas que están traballando ao menos unha hora á semana ven representado agora polo 30,6% (3.956 persoas), superando o dato rexistrado no estudo de hai dous anos, onde a porcentaxe de alumnos/as que remataron e superaron o módulo de FCT era do 20,1%. Isto pode deberse a lixeira mellora producida no mercado de traballo e ao impulso de bolsas de emprego, medidas e recursos para a contratación promovidos por parte de entidades públicas no último ano.

⁶ Taxa de inserción laboral: porcentaxe de alumnado ocupado sobre total de alumnos/as activos/as.


O alumnado activo comprende as persoas que no período de realización do estudo están traballando ou que están dispoñibles para traballar e fan as xestións necesarias para incorporarse a un posto de traballo. Comprende a todos os alumnos e alumnas que cumpren as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou que están buscando emprego.

Gráfica 4. Situación actual xeral do alumnado que rematou a FCT no ano 2013



Analizando a idade do alumnado, obsérvase na seguinte gráfica que a taxa de ocupación⁷ do colectivo de alumnos/as menores de 20 anos é do 21,3%, a menor de todas pero por riba da taxa de ocupación xeral rexistrada en Galicia para este grupo no primeiro trimestre do ano 2014 (ver táboa 7). Ademais, o nivel de ocupación para os alumnos/as entre 20 e 24 anos sitúase en 26,6%, dato moi similar á taxa de ocupación xeral en Galicia para ese tramo de idade. Estes dous grupos de alumnos/as representan o 31,4% do total de persoas que remataron a FCT no ano 2013 (4.057 persoas). No caso do colectivo de 25 a 29 anos, a súa taxa de ocupación está por debaixo da taxa xeral recollida en Galicia, representando este conxunto o 54,4% do universo de alumnos/as. Para o grupo de alumnos e alumnas de 30 o máis anos e que representan o 12,6% da poboación obxecto de estudo (1.635 persoas), a porcentaxe de persoas traballando está próxima á taxa de ocupación xeral da poboación galega para ese grupo de idade.

Gráfica 5. Situación actual do alumnado que rematou a FCT no ano 2013 por grupos de idade



⁷ Taxa de ocupación do alumnado: porcentaxe de alumnos/as ocupados/as sobre o total de alumnado.


Táboa 7. Taxa de ocupación das persoas traballadoras en Galicia por grupos de idade. Primeiro trimestre de 2014

	Ocupados (miles de persoas)	Poboación ≥ 16 anos (miles de persoas)	Taxa de ocupación
16-19	2,9	84	3,4%
20-24	32,8	122,8	26,8%
25-29	81,3	145	56,1%
30 o máis anos	865,8	2.021,4	42,8%

Fonte: Enquisa Poboación Activa (IGE-INE)

Tendo en conta o xénero, as taxas de ocupación entre homes e mulleres é moi similar. A porcentaxe de alumnas que remataron a FCT no ano 2013 e que se atopan traballando no momento da recompilación dos datos supera á dos homes soamente nun 1% (ver gráfica 6).


Gráfica 6. Situación actual do alumnado que rematou a FCT no ano 2013 por xénero



N_fem = 6.713, N_masc = 6.214

Polo grao dos ciclos formativos, a seguinte gráfica mostra como o nivel de ocupación é igual no alumnado que rematou a FCT nos ciclos de grao medio que nos de grao superior. Sen embargo, as persoas de grao medio son as que están buscando emprego en maior proporción que as de grao superior.

Gráfica 7. Situación actual do alumnado que rematou a FCT no ano 2013 por grao do ciclo




N_grao medio = 5.886, N_grao superior = 7.041

Analizando o xénero do alumnado en cada grao dos ciclos, nos de grao medio, tanto as mulleres como os homes encóntranse principalmente buscando emprego. No caso das mulleres, a porcentaxe de persoas que están traballando é maior que a dos homes.


Nos ciclos de grao superior, en ambos os dous xéneros, o alumnado tamén atópase principalmente buscando emprego, aínda que en menor porcentaxe que nos ciclos de grao medio. Neste caso, a porcentaxe de persoas traballando é maior nos homes que nas mulleres.

Gráfica 8. Situación actual do alumnado que rematou a FCT dos ciclos de grao medio por xénero



N_grao medio = 5.886


Gráfica 9. Situación actual do alumnado que rematou a FCT dos ciclos de grao superior por xénero



N_grao superior = 7.041

Os centros de FP da provincia de Ourense contan coa maior taxa de ocupación de persoas que remataron a FCT no ano 2013, co 38,2% do alumnado traballando. No lado oposto encóntranse os centros de Pontevedra, co 28,4% dos alumnos e alumnas ocupando un posto de traballo (ver gráfica 10).


Gráfica 10. Situación do alumnado que rematou a FCT no ano 2013 por provincia do centro



N_Coruña = 5.582, N_Lugo = 1.359, N_Ourense = 1.084, N_Pontevedra = 4.902

Un factor determinante para analizar o nivel de ocupación no momento actual é o lugar de residencia da persoa que rematou a FCT no momento da recompilación dos datos. Se atendemos á provincia de residencia do alumnado, atopamos resultados moi similares aos observados na gráfica anterior, xa que moitos alumnos/as residen no mesmo lugar onde realizaron os seus estudos. Soamente obsérvanse pequenas diferenzas nalgunha provincia. Como se recolle na gráfica 11, a provincia de Ourense segue contando co maior volume de ocupados das catro provincias galegas, co 35,7% de alumnos/as que residen na provincia traballando. Os alumnos/as residentes en Pontevedra teñen a taxa de ocupación máis reducida das catro provincias e en contrapartida, a porcentaxe de persoas buscando emprego é a máis alta.

Gráfica 11. Situación do alumnado que rematou a FCT no ano 2013 por provincia de residencia do alumno/a



- **Desempeño dalgún posto de traballo tras finalizar a FCT**


Analizando o contacto co mercado laboral do alumnado, tanto dos que traballan como os que non, obsérvase na seguinte gráfica que ao 30,6% de alumnos/as que como se recolle están traballando, hai que engadirlle un 15,8% de persoas que agora non traballan pero que obtiveron algún emprego tras rematar



a FCT e un 1% que xa o tiña. O colectivo restante non conseguiu ningún posto de traballo nos meses seguintes á finalización da súa formación. Deste modo obtense que o 47,3% do alumnado (6.119 persoas) consegue algún emprego tras rematar a FCT e ao redor de dous de cada tres destas persoas seguen traballando na actualidade.

A porcentaxe de alumnos/as que non obtiveron ningún emprego tras rematar a FCT redúcese nun 12,5% neste estudo con respecto ao de hai dous anos (ocupación laboral do alumnado que rematou a FCT no ano 2011), pasando do 65,2% ao 52,7%.


Gráfica 12. Obtención dalgún emprego desde o remate da FCT



Analizando a idade do alumnado, obsérvase na gráfica 13 que a maior porcentaxe de alumnos/as que non obtiveron aínda un emprego despois do remate da FCT preséntase no colectivo de menos de 20 anos e nos que teñen de 20 a 24 anos.


Continuando cos resultados (ver gráficas 14 a 16), a proporción de alumnos/as que non obtiveron ningún emprego tras rematar o ciclo é maior nos homes que nas mulleres, no alumnado dos ciclos de grao medio que nos de grao superior e nos centros da provincia de Pontevedra e A Coruña que nos centros do resto de provincias galegas.

Gráfica 13. Obtención dalgún emprego desde o remate da FCT por grupos de idade




N_< 20 = 700, N_20-24 = 3.357, N_25-29 = 7.027, N_30 o máis = 1.843

Gráfica 14. Obtención dalgún emprego desde o remate da FCT por xénero




N_fem = 6.713, N_masc = 6.214

Gráfica 15. Obtención dalgún emprego desde o remate da FCT por ciclo



N_grao medio = 5.886, N_grao superior = 7.041

Gráfica 16. Obtención dalgún emprego desde o remate da FCT por provincia do centro




N_Coruña = 5.582, N_Lugo = 1.359, N_Ourense = 1.084, N_Pontevedra = 4.902

• **Tempo que tardan en atopar emprego**

De entre o alumnado que acadou un emprego tras rematar a FCT, o 10,2% xa tiña un emprego antes de comezar co ciclo formativo, mentres que o 72,7% (4.449 persoas) obtivérono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata tras rematar os estudos ou antes dos 6 meses desde o remate). Obsérvase na gráfica, que o 5,5% conseguíuno mentres estudaban, o 29,9% de forma inmediata ao rematar e o 37,3% nos 6 meses seguintes. Noutra banda, o 17,1% dos alumnos/as non acadaron emprego ata transcorridos máis de 6 meses.



Gráfica 17. Tempo que se tarda en conseguir emprego




N = 6.119

Analizando a idade do alumnado (ver gráfica 18), a porcentaxe de persoas que tiña un emprego antes de comezar os estudos vai aumentando a medida que a idade é maior, o que

representa a persoas traballadoras que deciden realizar un ciclo formativo para mellorar a súa empregabilidade. De igual modo ligado a idade, atópase unha maior porcentaxe de alumnos e alumnas que obteñen un emprego de forma inmediata ou antes dos 6 meses tras rematar os estudos nos colectivos de menor idade.


Gráfica 18. Tempo que se tarda en conseguir emprego por grupos de idade



N_< 20 = 215, N_20-24 = 1.472, N_25-29 = 4.033, N_30 o máis = 1.054

Por xénero, aínda que tanto os homes coma as mulleres obteñen emprego de forma inmediata tras o remate da formación ou nos 6 meses seguintes, estas porcentaxes son maiores no caso dos homes. Destaca un 11,3% das mulleres que xa tiñan un posto de traballo antes do comezar co ciclo.

Gráfica 19. Tempo que se tarda en conseguir emprego por xénero




N_fem = 3.228, N_masc = 2.891

Analizando o grao dos ciclos (ver gráfica 20), a porcentaxe de persoas que obtiveron emprego mentres estudaban ou de forma inmediata é maior nos alumnos/as de grao medio que nos de grao superior (38,3% fronte ao 33,1%), así como nos que xa tiñan un emprego antes de comezar o ciclo. Nos de ciclo superior destaca un 39,4% que acadou emprego nos 6 meses


seguintes do remate dos estudos. Os centros da provincia de Ourense e Lugo acaparan un maior número de alumnos e alumnas que xa tiñan un emprego antes de iniciar o ciclo (11,9% e 11,5% respectivamente) e tamén nos que o atopan nos 6 meses posteriores ao remate dos estudos (41,3% e 39,1%). Nos centros da provincia de A Coruña, o principal bloque de alumnos e alumnas que obtiveron emprego atopárono de forma inmediata ou antes dos 6 meses. Aínda que a gran maioría do alumnado dos centros pontevedreses atopou o primeiro emprego en menos de 6 meses, Pontevedra conta coa maior porcentaxe de alumnos/as que tardan máis de 6 meses en obter un posto de traballo.

Gráfica 20. Tempo que se tarda en conseguir emprego por ciclo



N_grao medio = 2.699, N_grao superior = 3.421


Gráfica 21. Tempo que se tarda en conseguir emprego por provincia do centro



N_Coruña = 2.598, N_Lugo = 702, N_Ourense = 583, N_Pontevedra = 2.242

2.1.3. Descrición do primeiro emprego

A continuación recóllese unha descrición do primeiro emprego desenvolvido polo alumnado que rematou a FCT no ano 2013 e que na actualidade non está traballando. Esta información é importante, xa que permite coñecer se os postos ocupados foron ou non desempeñados nas actividades e funcións para as que recibiron formación nos ciclos formativos, así como as vías polas que conseguiron o emprego. Máis adiante, no capítulo 2.1.4 deste informe, realízase unha descrición do emprego actual desenvolvido polos alumnos e alumnas que están traballando no momento da aplicación da enquisa.




Deste modo, neste capítulo e no 2.1.4, faise unha descrición de dous tipos de emprego, englobando cada un o seguinte número estimado de alumnos/as sobre o universo de persoas que remataron a FCT no ano 2013:

- **Primeiro emprego:** alumnado que tivo un posto de traballo tras rematar a FCT pero que na actualidade xa non o ten (2.163 persoas).
- **Emprego actual:** alumnado que está traballando no momento da realización da enquisa (3.956 persoas).

- **Relación entre o ciclo estudado e o posto desempeñado no primeiro emprego**


De entre as persoas que acadaron un emprego tras rematar a FCT pero que agora non están traballando, o 56,5% ocuparon postos de traballo relacionados co ciclo cursado. Este tipo de valoración é subxectiva por parte do alumno/a.

Gráfica 22. Relación entre o ciclo formativo cursado e o primeiro emprego




Como se recolle nas seguintes gráficas, esta porcentaxe é maior no xénero masculino que no feminino e nos alumnos/as de ciclos de grao medio que nos de superior.

Gráfica 23. Relación entre o ciclo formativo cursado e o primeiro emprego por xénero



N_fem = 1.141, N_masc = 1.024


Gráfica 24. Relación entre o ciclo formativo cursado e o primeiro emprego por ciclo



N_grao medio = 900, N_grao superior = 1.266

Os centros de FP da provincia de Ourense son os que rexistran máis alumnos/as que ocuparon postos relacionados co ciclo formativo estudado. Noutro lado están os centros da provincia de Lugo coa maior porcentaxe de alumnado que desempeñou postos non relacionados coa formación rematada.

Gráfica 25. Relación entre o ciclo formativo cursado e o primeiro emprego por provincia do centro



N_Coruña = 899, N_Lugo = 245, N_Ourense = 167, N_Pontevedra = 849


- **Vías de acceso ao primeiro emprego**

Un dos principais camiños de inserción laboral do alumnado tras rematar a FCT é precisamente a través das mesmas empresas onde realizan estas prácticas, por iso esta vía trátase neste informe de forma diferenciada. A realización das prácticas do ciclo ou FCT permite ao alumnado, como se recolle na introdución deste documento, aplicar os coñecementos aprendidos na aula, adquirir novas capacidades e habilidades da realidade empresarial e un primeiro achegamento ao mercado de traballo e aos contactos profesionais. Deste modo, convértese nunha oportunidade para que os alumnos e alumnas poidan ser contratados polas empresas onde realizaron as súas prácticas do ciclo.



Como se recolle na seguinte gráfica, o 32,6% dos alumnos e alumnas que non traballan neste momento pero que obtiveron algún emprego tras rematar o ciclo, atopárono na empresa onde realizaron a súa formación en centros de traballo (705 persoas).


Gráfica 26. O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT



Ademais das empresas onde os alumnos/as realizan as prácticas do ciclo, existen outras vías de acceso ao mercado laboral (ver gráfica 27). O resto de alumnado que accede por outra vía ao seu primeiro posto de traballo tras rematar a FCT (1.458 persoas), faino principalmente por contactos persoais ou familiares (49,8%), mediante o envío do currículo por iniciativa propia (20,3%) ou por anuncios publicados en medios de comunicación, taboleiros de anuncios ou ofertas en Internet (10,4%). O autoemprego como alternativa para traballar ten pouca

representatividade neste colectivo. Esta opción barállase máis cando os alumnos e alumnas xa adquiren certa experiencia profesional que lle impulsa a ter máis iniciativa emprendedora, así como cando levan un tempo na procura de emprego.


Gráfica 27. Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego



N = 1.458


Por xénero (ver gráficas 28 e 29), a porcentaxe de alumnos/as que comezaron a traballar na empresa onde realizaron as prácticas é maior nas mulleres que nos homes. Entre os/as que empregan outra vía, tanto para homes como para mulleres o principal camiño de inserción ao primeiro emprego atópase nos contactos persoais, familiares ou profesionais, sobre todo no xénero feminino. O papel xogado polo centro educativo como medio para o acceso ao mercado de traballo é maior nos homes que nas mulleres.

Gráfica 28. O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT por xénero



N_fem = 1.141, N_masc = 1.024


Gráfica 29. Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego por xénero



N_fem= 759, N_masc = 700


A porcentaxe de alumnos/as que acadan o seu primeiro emprego na empresa onde realizan a súa formación práctica é maior nos graduados/as de ciclo medio que nos de ciclo superior, como se recolle na gráfica 30. No resto de persoas, para as que os contactos era o principal medio para acceder ao primeiro emprego, esta vía é máis utilizada polos alumnos/as de grao medio que superior, así como o emprego do centro educativo.

Gráfica 30. O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT por ciclo



N_grao medio = 900, N_grao superior = 1.266


Gráfica 31. Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego por ciclo



N_grao medio = 579, N_grao superior = 881

Por provincia do centro formativo, nas escolas de Pontevedra rexístrase a maior porcentaxe de persoas que obteñen o seu primeiro emprego na empresa onde realizaron a súa formación en centros de traballos (35,9%), seguíndolle de cerca os centros de A Coruña. No lado oposto temos os centros da provincia de Lugo, coa porcentaxe menor (15,3%).


Gráfica 32. O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT por provincia do centro



N_Coruña = 899, N_Lugo = 245, N_Ourense = 167, N_Pontevedra = 849

Entre as vías de acceso ao primeiro traballo do resto de alumnos e alumnas, aínda que en todos os centros de FP o principal medio empregado polas persoas son os contactos, destaca esta vía principalmente no alumnado dos centros da provincia de Ourense. Tamén resaltar o maior peso do centro formativo como forma para acceder ao mercado laboral no alumnado dos centros da provincia de Pontevedra respecto ao resto de provincias galegas.

Gráfica 33. Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego por provincia do centro



N_Coruña = 591, N_Lugo = 208, N_Ourense = 117, N_Pontevedra = 544

2.1.4. Descrición do emprego actual

Seguindo coa análise realizada no capítulo 2.1.3, a continuación recóllese unha descrición do posto actual desempeñado polo alumnado que rematou a FCT no ano 2013. Do mesmo xeito que co primeiro emprego, esta información é fundamental, xa que permite coñecer se os postos ocupados polos alumnos/as neste momento son nas actividades e funcións para as que recibiron formación nos ciclos estudados ou noutras distintas. Ademais recompíllase información sobre a vía pola que se conseguiu o emprego.




Neste capítulo faise referencia ás persoas que están traballando no momento da realización da enquisa (3.956 persoas). Como se expón no capítulo 2.1.2 de inserción laboral, o 47,3% do alumnado obtivo algún posto de traballo tras rematar a FCT (6.119 persoas), do que o 1% xa o tiñan antes de comezar a estudar. Estes resultados amosan que dous de cada tres alumnos/as que tiveron algún emprego ao rematar os estudos continúan traballando na actualidade, sexa na mesma empresa ou noutra distinta.

- **Relación entre o ciclo estudado e o posto desempeñado no emprego actual**

Do alumnado que está traballando no momento da recollida dos datos, segundo a súa apreciación persoal, o 59,7% ocupa postos de traballo relacionados co ciclo formativo estudado uns meses atrás. Este dato é inferior ao obtivo no estudo realizado hai dous anos sobre o alumnado que rematou a FCT no ano 2011 (71,6%). Os alumnos e alumnas buscan de calquera modo obter un emprego, sexa ou non no sector de actividade para o que estudaron. Sen embargo, este resultado está por riba do recollido na análise do primeiro emprego (56,5%), o que reflicte unha pequena mellora no encadramento dos postos de traballo en ámbitos de actividade máis afíns á formación estudada.


Gráfica 34. Relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual



N = 3.956


Como se recolle nas seguintes gráficas, esta porcentaxe é maior no caso dos homes, dos alumnos/as de ciclos de grao medio e no alumnado dos centros de FP da provincia de A Coruña, aínda que os dos centros das provincias de Ourense e Pontevedra rexistran datos moi próximos.

Gráfica 35. Relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por xénero




N_fem 2.088, N_masc = 1.867

Gráfica 36. Relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por ciclo



N_grao medio = 1.800, N_grao superior = 2.155

Gráfica 37. Relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por provincia do centro




N_Coruña = 1.699, N_Lugo = 457, N_Ourense = 416, N_Pontevedra = 1.393

- **Vías de acceso ao emprego actual**

Na análise do primeiro emprego (ver capítulo 2.1.3) recóllese que un dos principais medios de inserción laboral do alumnado que remata a FCT é a través das propias empresas nas que realizan estas prácticas obrigatorias do ciclo formativo. En relación ao emprego actual, o 29% dos alumnos e alumnas que están traballando fano na empresa onde realizaron a súa formación en centros de traballo (1.147 persoas). Este resultado está por debaixo do recollido no estudo da edición anterior (35,9%).


Gráfica 38. O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT



Observando a gráfica 39, o resto do alumnado (o 71% que non obtivo un emprego na empresa onde realizou a FCT) accede ao seu posto de traballo actual principalmente mediante os contactos persoais/familiares (43,8%), seguido do envío do currículo (23,5%) e os anuncios en medios de comunicación, taboleiros e Internet (10,5%). Consérvanse os primeiros postos en relación ao estudo anterior, pero neste caso aparecen outras vías de acceso ao mercado de traballo non identificadas hai dous anos polos entrevistados, como son o papel xogado polo centro educativo, as empresas de traballo temporal, o Servizo Galego de Colocación ou o estatal, os contactos profesionais e a realización de oposicións. Neste estudo, o uso do autoemprego experimenta un aumento con respecto ao recollido na enquisa pasada, pasando do 3,4% ao 7,7%.


Por xénero, é máis habitual que os homes traballen actualmente na empresa onde realizaron a FCT que no caso das mulleres. Entre os/as que empregan outra vía, en ambos os dous xéneros os principais camiños de acceso ao emprego actual atópanse nos contactos persoais/familiares ou profesionais e na solicitude por iniciativa propia. Destacar nos homes respecto ás mulleres, a maior utilización dos contactos e do autoemprego como medio para obter o seu emprego actual. Pola contra, nas mulleres a utilización do envío do currículo por iniciativa propia e o centro educativo xogan un maior papel neste colectivo

Gráfica 39. Outras vías de inserción laboral ao emprego actual




N = 2.808

Gráfica 40. O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT por xénero



N_fem 2.088, N_masc = 1.867

Gráfica 41. Outras vías de inserción laboral ao emprego actual por xénero




N_fem 1.515, N_masc = 1.292

A porcentaxe de alumnos e alumnas que ocupan un posto actualmente na empresa onde realizaron as súas prácticas do ciclo non presenta un gran diferenza entre os ciclos de grao medio


e os de grao superior. Do resto de vías empregadas, os contactos e a solicitude por iniciativa propia son os principais medios para acceder ao emprego actual utilizado polo alumnado dos ciclos de ambos os dous graos, sendo o uso dos contactos maior nos de grao superior e a solicitude por iniciativa propia nos de grao medio. Destacar nos alumnos/as de ciclos de grao superior o maior papel que xoga o centro educativo e os anuncios en medios de comunicación e Internet para a súa empregabilidade.

Gráfica 42. O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT por ciclo



N_grao medio = 1.800, N_grao superior = 2.155

Gráfica 43. Outras vías de inserción laboral ao emprego actual por ciclo




N_grao medio = 1.271, N_grao superior = 1.537

Por provincia do centro formativo (ver gráfica 44), o 31,8% do alumnado nas escolas de FP de Pontevedra está traballando na empresa onde realizaron a súa formación en centros de traballo. Síguelle de cerca os centros de A Coruña co 30%. No lado contrario, temos que nos centros da provincia de Lugo un 21,8% dos alumnos/as traballan na empresa onde efectuaron as practicas e nos de Ourense un 23,9%.

Entre as vías de acceso ao emprego actual do resto de alumnos e alumnas, destaca nos centros das provincias de Pontevedra e Lugo a alta porcentaxe dos/as que empregan os contactos. Tamén é salientable o maior peso do autoemprego como forma para acceder ao


mercado laboral nos alumnos/as dos centros da provincia de Ourense respecto ao resto de provincias galegas.

Gráfica 44. O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT por provincia do centro



N_Coruña = 1.699, N_Lugo = 457, N_Ourense = 416, N_Pontevedra = 1.393

Gráfica 45. Outras vías de inserción laboral ao emprego actual por provincia do centro




N_Coruña = 1.190, N_Lugo = 357, N_Ourense = 316, N_Pontevedra = 950

2.1.5. Continuidade doutros estudos

O 43,3% do alumnado (5.597 persoas) continúa estudando tras rematar o ciclo formativo, un 2,3% máis que no estudo realizado hai dous anos sobre o alumnado que rematou a FCT no ano 2011. Preto da metade destes alumnos e alumnas que seguen realizando estudos, declaran estar estudando como actividade principal, é dicir, non están traballando nin están buscando emprego no momento actual (ver gráfica 47), dedícanse a estudar exclusivamente. O resto son persoas que están traballando ou buscando emprego pero que tamén seguen estudando. A motivación que pode levar a estas persoas, aínda traballando, a continuar cos estudos pode vir pola necesidade de incrementar os seus coñecementos e capacidades e/ou mellorar a súa empregabilidade.




Gráfica 46. Alumnado que segue estudando



N = 12.927

Gráfica 47. Situación actual do alumnado que segue estudando




N = 5.597

Na seguinte gráfica móstrase máis claramente a porcentaxe de persoas que seguen estudando segundo a súa situación actual, analizada no capítulo 2.1.2 de inserción laboral, onde se recolle que o 20,7% do total de alumnos/as están estudando como actividade principal. Das

persoas que están traballando no momento actual (30,6%), o 24,5% continúa formándose, é dicir, o 7,5% dos alumnos/as que remataron a FCT no 2013 traballan e estudan (970 persoas). No caso dos que buscan emprego como prioridade (48,2%), o 31% segue estudando, reflectindo un 15% de alumnado que está buscando emprego e estudando (1.933 persoas).

Gráfica 48. Alumnado que segue estudando segundo a súa situación actual



O 43,9% dos alumnos e alumnas que continúan estudando deciden completar a súa formación con cursos para persoas desempregadas ou traballadoras, estudos por conta propia en centros de formación privados, preparando oposicións ou estudando idiomas, entre outros, como se pode ver na táboa 8. O resto están realizando outro ciclo formativo (31%) ou unha carreira universitaria (25,1%). Prodúcese un aumento na elección doutros ciclos formativos e as carreiras universitarias para proseguir a formación en relación ao estudo da edición anterior, onde estas opcións eran seguidas polo 21,9% e o 18,7% dos alumnos/as respectivamente.


Táboa 8. Tipo de estudos cos que seguen

Tipo de estudos		Estudios desagregados	
Formación profesional	31,0%	Ciclos formativos	31,0%
Estudios universitarios	25,1%	Ciencias da saúde e ciencias experimentais	5,9%
		Ciencias sociais e xurídicas	13,7%
		Ensinanzas técnicas	4,6%
		Artes e humanidades	0,9%
Outro tipo de formación	43,9%	Cursos de formación ocupacional, continua ou similar	4,5%
		Oposicións por libre ou en academia	4,5%
		Outros cursos en centros de formación privados	6,9%
		Outros cursos	28,2%

A porcentaxe de alumnas que seguen estudando é maior que a de alumnos. En ambos os dous xéneros decántanse principalmente por outro tipo de estudos distintos aos universitarios e


á FP, pero destaca tamén nos homes unha alta porcentaxe que continúan estudando outro ciclo formativo.

Gráfica 49. Alumnado que segue estudando por xénero



N_fem = 6.713, N_masc = 6.214


Gráfica 50. Tipo de estudos cos que seguen por xénero



N_fem = 6.713, N_masc = 6.214


Como se recolle nas gráficas seguintes, o alumnado dos ciclos de grao superior son os que máis deciden continuar estudando, principalmente estudos universitarios, seguido de cerca por outros estudos. No caso dos alumnos/as de ciclos de grao medio, os que continúan estudando o seguen facendo en outro tipo de estudos ou noutros ciclos de FP, na maior parte dos casos da mesma familia profesional.

Gráfica 51. Alumnado que segue estudando por ciclo



N_grao medio = 5.886, N_grao superior = 7.041


Gráfica 52. Tipo de estudos cos que seguen por ciclo



N_grao medio = 5.886, N_grao superior = 7.041


O alumnado dos centros de Ourense é o que continúa coa súa formación en maior medida, sobre todo con outros estudos (cursos, oposicións...). No resto de provincias, os alumnos/as que seguen estudando decántanse tamén principalmente por outros estudos distintos da FP e a universidade. Nos centros de Lugo, un importante porcentaxe de persoas realizan outros ciclos formativos.

Gráfica 53. Alumnado que segue estudando por provincia do centro



N_Coruña = 5.582, N_Lugo = 1.359, N_Ourense = 1.084, N_Pontevedra = 4.902

Gráfica 54. Tipo de estudos cos que seguen por provincia do centro



N_Coruña = 5.582, N_Lugo = 1.359, N_Ourense = 1.084, N_Pontevedra = 4.902

2.1.6. Carácter emprendedor do alumnado

Ao longo dos capítulos anteriores defínese a situación laboral do alumnado que rematou a FCT no ano 2013, así como se o tipo de emprego ao que acceden cando rematan os seus estudos ten relación ou non co ciclo estudado. Tamén se da a coñecer o tipo de vía que utilizan para o acceso ao mercado laboral, como pode ser a empresa onde realizaron as prácticas ou outro tipo de medio (contactos, solicitude por iniciativa propia, anuncios, autoemprego...).




Como se recolle no capítulo 2.1.3, do alumnado que accede a un primeiro emprego por outra vía que non é a empresa onde realizou a FCT, un 0,7% faíno mediante o autoemprego, é dicir, por conta propia (como autónomo/a ou mediante a creación dunha empresa). Esta porcentaxe incrementábase ao 7,7% cando se analiza o emprego actual (ver capítulo 2.1.4), co que queda patente que a iniciativa emprendedora impúlsase pasado un certo tempo desde o remate dos estudos.

O transcurso do tempo permite aos alumnos e alumnas adquirir experiencia na súa profesión e realizar contactos profesionais suficientes para animarlles a traballar por conta propia. Deste modo introdúcese no informe a análise da iniciativa emprendedora do alumnado que rematou a FCT no ano 2013, para coñecer a “intencionalidade” destes en crear a súa propia empresa a curto (menos dun ano) ou medio prazo (entre un e tres anos).

O 10,3% do alumnado (1.331 persoas) declara ter a intención de crear a súa propia empresa nun futuro. Seis de cada sete destes alumnos/as teñen desexo de creala a medio prazo, é dicir, entre un e tres anos.


Gráfica 55. Intención do alumnado de crear a súa propia empresa



N = 12.927


Este espírito emprendedor manifestase máis nos homes (12,6%) que nas mulleres (8,3%), no alumnado dos ciclos de grao medio (11,5%) que nos de grao superior (9,2%) e nos alumnos/as dos centros da provincia de Ourense (12,4%) e de Lugo (12,3%).

Gráfica 56. Intención do alumnado de crear a súa propia empresa por xénero




N_fem = 6.713, N_masc = 6.214

Gráfica 57. Intención do alumnado de crear a súa propia empresa por ciclo



N_grao medio = 5.886, N_grao superior = 7.041

Gráfica 58. Intención do alumnado de crear a súa propia empresa por provincia do centro



N_Coruña = 5.582, N_Lugo = 1.359, N_Ourense = 1.084, N_Pontevedra = 4.902

RESULTADOS

Resultados por familia

2.2. RESULTADOS POR FAMILIAS

Neste capítulo preséntanse os resultados acadados neste estudo para as distintas familias profesionais nas que se engloban os ciclos formativos, facendo primeiro unha análise comparativa das familias para cada variable e en segundo lugar, recollendo os resultados familia a familia.

Para esta análise deberase ter en conta que o número de alumnado que rematou a formación en centros de traballo en Galicia no ano 2013 queda distribuído por familias profesionais da seguinte forma:

Táboa 9. Alumnado que rematou a FCT no ano 2013 por familias profesionais de FP


Familia profesional FP	Alumnado que superou a FCT no 2013		
	Mulleres	Homes	Total
Actividades físicas e deportivas	89	245	334
Administración e xestión	1.432	530	1.962
Agraria	53	197	250
Artes gráficas	86	79	165
Comercio e márketing	512	269	781
Edificación e obra civil	115	133	248
Electricidade e electrónica	54	1.028	1.082
Enerxía e auga	13	57	70
Fabricación mecánica	11	445	456
Hostalaría e turismo	380	355	735
Imaxe e son	162	225	387
Imaxe persoal	636	20	656
Industrias alimentarias	72	68	140
Informática e comunicacións	123	595	718
Instalación e mantemento	33	355	388
Madeira, moble e cortiza	8	128	136
Marítimo-pesqueira	18	208	226
Química	175	118	293
Sanidade	1.790	352	2.142
Servizos socioculturais e á comunidade	896	91	987
Téxtil, confección e pel	40	3	43
Transporte e mantemento de vehículos	15	713	728
Total	6.713	6.214	12.927

2.2.1. Diagnose comparativa das familias

- Resultados da análise da inserción laboral por familias profesionais

Analizando a taxa de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT no ano 2013 por familias profesionais, destaca que o maior nivel de inserción preséntase nas familias de Hostalaría e turismo, Actividades físicas e deportivas, Servizos socioculturais e á comunidade e Téxtil, confección e pel, con taxas por riba do 43% (a taxa dos resultados xerais é do 38,8%) e as que menos en Artes gráficas, Marítimo-pesqueira, Comercio e márketing e Imaxe e son (taxas inferiores ao 32%).

Gráfica 59. Inserción laboral do alumnado que rematou a FCT no ano 2013 por familia profesional



Táboa 10. Familias profesionais con maior taxa de inserción laboral

Familia profesional	Alumnado na familia	Alumnado activo	Taxa inserción laboral
Hostalaría e turismo	735	599	49,3%
Actividades físicas e deportivas	334	215	44,4%
Servizos socioculturais e á comunidade	987	744	44,4%
Téxtil, confección e pel	43	31	43,8%

Tendo en conta a situación xeral do conxunto global de persoas tituladas (ver gráfica 60), as familias de Hostalaría e turismo, Fabricación mecánica e Transporte e mantemento de vehículos son as que acaparan máis persoas traballando, con taxas de ocupación por riba do 34% (a porcentaxe nos resultados xerais é do 30,6%) e as que menos en Imaxen e son e Informática e comunicacións (porcentaxes inferiores ao 25%). Soamente a familia de Hostalaría e turismo conserva a súa posición entre as tres primeiras con maior taxa de ocupación en relación ao estudo da edición anterior, no que tamén destacaban Instalación e mantemento e Téxtil, confección e pel.

Táboa 11. Familias profesionais con maior taxa de ocupación

Familia profesional	Alumnado na familia	% traballando
Hostalaría e turismo	735	40,2%
Fabricación mecánica	456	35,3%
Transporte e mantemento de vehículos	728	34,1%

As familias de Madeira, moble e cortiza, Artes gráficas e Comercio e márketing son as que contan con máis alumnos/as buscando emprego (por riba do 58%). No lado oposto temos Actividades físicas e deportivas co menor nivel de alumnado buscando emprego (35,7%). Estes datos son moi distintos aos recollidos no estudo de hai dous anos, onde Actividades físicas e deportivas estaba entre as familias con maior alumnado buscando emprego, xunto con Agraria, Instalación e mantemento e Téxtil, confección e pel. Preséntanse tamén máis dun 25% de alumnos/as nas familias de Actividades físicas e deportivas, Téxtil, confección e pel e Informática e comunicacións que están estudando como actividade principal.


**Táboa 12. Familias profesionais con maior porcentaxe de alumnado que rematou a FCT buscando emprego**

Familia profesional	Alumnado na familia	% buscando emprego
Madeira, moble e cortiza	136	63,1%
Artes gráficas	165	62,5%
Comercio e márketing	781	58,8%

Táboa 13. Familias profesionais con maior porcentaxe de alumnado estudando como actividade principal

Familia profesional	Alumnado na familia	% estudando
Actividades físicas e deportivas	334	35,7%
Téxtil, confección e pel	43	27,3%
Informática e comunicacións	718	27,0%

Gráfica 60. Situación actual do alumnado que rematou a FCT no ano 2013 por familia profesional




En relación ao contacto co mercado laboral do resto de alumnos e alumnas que no momento da realización deste estudo non están traballando, obtense na táboa 14 e na gráfica 61 que máis do 61% do alumnado que rematou a FCT dos ciclos das familias profesionais de Informática e comunicacións, Téxtil, confección e pel, Química e Electricidade e electrónica non obtiveron ningún emprego nestes últimos meses tras rematar a FCT do ciclo formativo estudado (a media xeral é do 52,7%).

Táboa 14. Familias profesionais con maior porcentaxe de alumnado que non obtivo ningún emprego tras o remate do ciclo


Familia profesional	Alumnado na familia	% que non obtivo ningún emprego
Informática e comunicacións	718	65,2%
Téxtil, confección e pel	43	63,6%
Química	293	61,8%
Electricidade e electrónica	1.082	61,3%

Gráfica 61. Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo por familia profesional



Do alumnado que acadou un emprego tras rematar a FCT, destacan as familias de Enerxía e auga, Actividades físicas e deportivas e Hostalaría e turismo, xa que máis do 85% fíxoo nos primeiros 6 meses (ver táboa 14). En Sanidade, Imaxe e son e Marítimo-pesqueira, máis do 14% do alumnado tiña emprego antes de comezar co ciclo.

Gráfica 62. Tempo que tardan en conseguir emprego por familia profesional



Táboa 15. Familias profesionais con maior porcentaxe de alumnado que acadou emprego nos primeiros 6 meses (mentres estudaba, de forma inmediata ou antes dos 6 meses tras o remate do ciclo)


Familia profesional	Alumnado na familia	% alumnado que acadou emprego nos primeiros 6 meses
Enerxía e auga	70	90,9%
Actividades física e deportivas	334	87,3%
Hostalaría e turismo	735	85,7%

• **Resultados do primeiro emprego por familias profesionais**

De entre as persoas que acadaron un emprego tras rematar a FCT pero que agora non traballan, detéctanse tres familias profesionais (Agraria, Hostalaría e turismo e Industrias alimentarias) onde máis do 70% dos seus alumnos/as ocuparon postos de traballo relacionados co ciclo cursado, resultados por riba da media xeral de FP (56,5%).


No lado oposto atópanse as familias de Química e Sanidade, coa maior porcentaxe de persoas en postos nos que non existe ningunha relación emprego-ciclo. Tamén en Têxtil, confección e pel, onde as persoas entrevistadas neste aspecto declaran que ocuparon postos non relacionados co ciclo estudado.

Gráfica 63. Relación entre o ciclo formativo cursado e o primeiro emprego por familia profesional



En relación ás vías de acceso ao primeiro emprego, destacan as familias de Artes gráficas, Comercio e márketing e Enerxía e auga entre as que é máis habitual que os seus alumnos/as accedan a un posto de traballo nas empresas onde realizaron as prácticas non laborais do ciclo. Nestas familias, ao menos o 50% do alumnado que rematou a FCT pero que non están traballando actualmente, obtivo o seu primeiro emprego na empresa onde realizaron a súa formación en centros de traballo, moi por riba da media xeral (32,6%).


Gráfica 64. O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT por familia profesional



Entre as outras vías de acceso ao mercado laboral empregadas polo resto de persoas para atopar o seu primeiro posto de traballo, na maior parte das familias utilízanse principalmente os contactos e a solicitude mediante o envío do currículo por iniciativa propia.

Na familia de Têxtil, confección e pel, o emprego da solicitude por iniciativa propia destaca como a única vía identificada polas persoas entrevistadas nesta rama, mentres que na familia de Madeira, moble e cortiza, é o 44,4% do seu alumnado quen emprega este medio. En Servizos socioculturais e á comunidade, Artes gráficas e Electricidade e electrónica destacan en que máis do 65% dos alumnos/as empregaron os contactos como medio de acceso ao seu primeiro emprego, cando a media xeral de utilización desta vía é do 53,3%. Existen familias onde o alumnado non identifica o centro educativo como medio que permitiu o acceso ao seu primeiro posto de traballo. O autoemprego é salientable no alumnado de Artes gráficas.

Gráfica 65. Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego por familia profesional




• **Resultados do emprego actual por familias profesionais**

Obsérvase nas familias de Informática e comunicacións, Actividades físicas e deportivas, Hostalaría e turismo e Têxtil, confección e pel, máis do 70% dos seus alumnos/as ocupando postos de traballo relacionados co ciclo formativo rematado. Recordar que a media dos resultados xerais é do 59,7%.


Pola súa contra, nas familias de Enerxía e auga, Imaxe e son e Edificación e obra civil, máis do 60% do alumnado declara que non existe ningunha relación entre o emprego actual e a formación recibida.

Gráfica 66. Relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por familia profesional




En relación ás vías de acceso ao emprego actual, as familias de Fabricación mecánica (47,3%); Têxtil, confección e pel (42,9%) e Informática e comunicacións (41,9%), atópanse entre as que é máis habitual que os seus alumnos/as ocupen postos de traballo nas empresas onde realizaron as prácticas non laborais do ciclo, cando a media xeral é do 29%. Destacar as familias de Imaxe e son, Enerxía e auga e Transporte e mantemento de vehículos, onde menos do 20% do seu alumnado traballa nas empresas onde realizaron a FCT.

Gráfica 67. O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT por familia profesional



O resto de alumnos e alumnas acceden ao seu posto de traballo actual principalmente mediante os contactos, sobre todo en Electricidade e electrónica e Imaxe e son. Nas familias de Artes gráficas e Industria alimentaria, a solicitude por iniciativa propia é o principal medio de acceso ao emprego desempeñado actualmente. Destacar o papel do centro educativo nas familias de Artes gráficas e Fabricación mecánica, á vez que non é identificado noutras familias como medio que permitiu o acceso ao posto de traballo actual. O autoemprego é salientable no alumnado de Imaxe persoal, Agraria, Enerxía e auga e Informática e comunicacións, entre outras familias.


Gráfica 68. Outras vías de inserción laboral ao emprego actual por familia profesional



• **Resultados sobre a continuidade dos estudos por familias profesionais**


No capítulo 2.1.5 recóllese que o 43,3% do alumnado que rematou a FCT no ano 2013 continúa estudando tras rematar o ciclo formativo. Moitas familias están por riba desta media xeral, destacando as familias de Actividades físicas e deportivas, Enerxía e auga, Informática e comunicacións e Química, con máis da metade dos seus alumnos e alumnas estudando neste momento.

Gráfica 69. Alumnado que segue estudando por familias profesionais




Na seguinte gráfica móstrase a situación actual na que se atopan os/as alumnos/as que seguen estudando e onde se pode apreciar aqueles/as que traballan e estudan ou están buscando emprego e estudando. En Hostalaría e turismo e Imaxe persoal, un de cada catro alumnos/as que seguen estudando están traballando na actualidade. No caso de Madeira, moble e cortiza, aínda que é onde menos alumnado segue estudando, deste o 27,8% ten un posto de traballo actualmente. Nas familias de Actividades físicas e deportivas, Téxtil, confección e pel, Transporte e mantemento de vehículos, Informática e comunicacións e Sanidade, máis da metade do alumnado que está estudando, realiza esta actividade de forma única, sen estar traballando nin buscando un emprego.

Gráfica 70. Situación actual do alumnado que segue estudando por familias profesionais




Analizando a continuidade dos estudos por parte das persoas que están traballando no momento da recompilación dos datos, na gráfica 71 recóllese que máis do 10% do total de alumnos/as das familias de Actividades físicas e deportivas, Química, Hostalaría e turismo, Servizos socioculturais e á comunidade e Imaxe persoal traballan e estudan. No lado oposto destaca a familia de Transporte e mantemento de vehículos, onde o 30,2% dos seus alumnos e alumnas están traballando unicamente, é dicir, non están realizando a súa vez outros estudos e soamente un 3,9% traballan e estudan.

Gráfica 71. Continuidade dos estudos do alumnado que traballa por familias profesionais



O alumnado que continúa estudando decide completar a súa formación principalmente con outro ciclo formativo ou con outro tipo de formación (cursos para desempregados/as ou traballadores/as, por conta propia en centros de formación privados, preparando oposicións ou estudando idiomas, entre outros). Destacan no primeiro caso, as familias de Transporte e mantemento de vehículos e Instalación e mantemento, con máis do 60% dos alumnos/as que seguen estudando facendo outro ciclo formativo. No caso doutro tipo de formación, destacan as familias de Têxtil, confección e pel; Química, Artes gráficas e Comercio e márketing. O alumnado de Servizos socioculturais e á comunidade, Actividades físicas e deportivas e Edificación e obra civil decántanse máis polos estudos universitarios.


Gráfica 72. Tipo de estudos cos que seguen por familia profesional



• **Resultados do carácter emprendedor por familias profesionais**

Atendendo á iniciativa do alumnado que rematou a FCT no ano 2013 de crear a súa propia empresa nun futuro, máis do 15% dos alumnos/as das familias de Hostalaría e turismo, Imaxe e son, Transporte e mantemento de vehículos, Industrias alimentarias e Agraria teñen a intención de crear a súa propia empresa nos vindeiros anos, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos). Pola contra, na familia de Química, Fabricación mecánica, Enerxía e auga, Instalación e mantemento e Administración e xestión, máis do 90% dos seus alumnos e alumnas non teñen pensado crear a súa empresa de aquí a tres anos.

Gráfica 73. Intención do alumnado que rematou a FCT de crear a súa propia empresa por familia profesional



2.2.2. Diagnose familia a familia

A continuación recóllense os resultados para cada unha das 22 familias profesionais nas que se agrupan os ciclos da formación profesional que realizaron os alumnos/as que remataron a FCT. En primeiro lugar faise unha descrición dos principais datos da familia, para expoñer a continuación as gráficas dos resultados acadados. O dato que se recolle sobre alumnado activo fai referencia, como se describe no capítulo 2.1.2, ao colectivo de alumnos/as que no período de realización do estudo están traballando ou que están buscando emprego de forma activa.



Actividades físicas e deportivas

O 44,4% do alumnado activo encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por riba da media xeral de alumnos/as que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Actividades físicas e deportivas é unha das familias con maior nivel de inserción laboral do conxunto de FP. Atendendo a súa situación actual, o 28,6% das persoas que finalizaron a FCT ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%). Ademais, é a familia na que máis alumnos/as están estudando como actividade principal (35,7%) e a que ten menos persoas buscando emprego.



Alumnado:
334 persoas


O 47,1% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 87,3% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo), sendo unha das mellores familias neste aspecto.

Comparando os resultados observados no primeiro emprego co posto de traballo actual, o 75% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por riba da media xeral (59,7%) e do recollido no primeiro emprego (64,7%). Destaca entre as familias onde existe maior relación emprego-ciclo.


O 27,5% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 48,3% acadaron o seu emprego mediante os contactos e un 37,9% mediante a solicitude por iniciativa propia. No primeiro emprego, a metade dos alumnos e alumnas empregan os contactos como principal vía. O centro educativo non é identificado por ningunha persoa entrevistada como mecanismo de acceso ao mercado de traballo. O 6,9% dos alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego. Tres de cada cinco alumnos/as continúan estudando, sobre todo estudos universitarios, e o 15% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos), estando por riba da media xeral (10,3%).




Gráficas 74. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Actividades físicas e deportivas




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Administración e xestión

O 40,5% dos alumnos/as activos/as encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por riba da media xeral dos que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Atendendo a súa situación actual, o 31,3% do alumnado ocupa un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 46% está buscando emprego e un 21,8% está estudando como actividade principal. O 54% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado. O 47,1% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, aínda que un 67,4% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo), destaca un 23,9% que tardou máis tempo.



Alumnado:
1.962 persoas

Atendendo aos resultados recollidos no primeiro emprego e no posto de traballo actual, o 53% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por debaixo da media xeral (59,7%) e do recollido no primeiro emprego (58,1%).


O 22,7% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 56,9% acadaron o seu emprego mediante os contactos. No primeiro emprego, aínda que os contactos é tamén a principal vía (52,4%), a solicitude por iniciativa propia é empregada polo 28,6% das persoas. O 7,8% dos alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego.

O 46% dos alumnos e alumnas da familia de Administración e xestión que remataron a FCT no ano 2013 continúan estudando, sobre todo cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, idiomas, entre outro tipo de estudos.


En canto ao seu carácter emprendedor, o 90,5% declara non ter a intención de crear a súa propia empresa nos vindeiros anos.




Gráficas 75. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Administración e xestión




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Agraria

O 33,3% do alumnado activo encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por debaixo da media xeral de alumnos/as que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Atendendo a súa situación actual, o 27,9% das persoas ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 55,7% está buscando emprego e un 16,4% está estudando como actividade principal. O 39,3% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 82,9% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo).



Alumnado:
250 persoas


Atendendo aos resultados recollidos no primeiro emprego e no posto de traballo actual, o 52,9% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado inferior á media xeral (59,7%) e moi por debaixo do recollido no primeiro emprego (87,5%). Isto reflicte que a medida que paso o tempo, a relación ciclo-emprego vaise reducindo en boa medida.

O 32,4% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 43,5% acadaron o seu emprego mediante os contactos, sendo tamén a principal vía utilizada no primeiro emprego. Destaca un 17,4% de alumnos/as que acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego, sendo unha das familias que máis destaca no emprego desta vía para o acceso ao mercado de traballo.


O 41,8% dos alumnos/as de Agraria continúan estudando, principalmente outros ciclos formativos de FP ou outro tipo de formación (cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, idiomas, etc.). O 16,4% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos). Este dato está por riba da media xeral (10,3%) e presenta ao alumnado desta familia como un dos que máis iniciativa emprendedora ten.




Gráficas 76. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Agraria




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Artes gráficas

O 28,6% dos alumnos/as activos/as encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral moi por debaixo da media xeral dos que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Artes gráficas é a familia con menor nivel de inserción laboral do conxunto de FP. Atendendo a súa situación actual, o 25% do alumnado ocupa un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 62,5% está buscando emprego e un 12,5% está estudando como actividade principal. O 60,2% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 73,5% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo). Destaca un 11,8% de persoas que xa tiñan un posto de traballo antes de comezar co ciclo.



Alumnado:
165 persoas


Atendendo aos resultados recollidos no primeiro emprego e no posto de traballo actual, o 59,1% do alumnado traballa actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado lixeiramente inferior á media xeral (59,7%) e por debaixo do recollido no primeiro emprego (69,2%).

O 27,3% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 31,3% acadaron o seu emprego mediante a solicitude por iniciativa propia e un 25% a través dos contactos. Sen embargo, no primeiro emprego o 66,7% das persoas utilizan os contactos como principal vía de acceso ao mercado de traballo. Destaca un 12,5% de alumnos/as que acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego e outro 12,5% a través do centro educativo, sendo unha das familias nas que máis destaca o papel xogado polo centro de FP. O resto de persoas empregan os anuncios en medios de comunicación, taboleiros e Internet.


O 37,5% do alumnado de Artes gráficas continúa estudando, sobre todo cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, idiomas, etc. O 12,5% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos), estando por riba da media xeral (10,3%).




Gráficas 77. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Artes gráficas




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Comercio e márketing

O 31,4% do alumnado activo encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por debaixo da media xeral (38,8%), o que fai que sexa unha das familias con menor nivel de inserción laboral do conxunto de FP. Atendendo a súa situación actual, o 26,9% das persoas ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 58,8% está buscando emprego e un 13,2% está estudando como actividade principal. O 54,9% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 84% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo).



Alumnado:
781 persoas


Facendo a comparativa entre os datos do primeiro emprego e o emprego actual, o 65,3% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por riba da media xeral (59,7%) pero lixeiramente por debaixo do rexistrado no primeiro emprego (66,7%).

O 36,7% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 38,7% acadaron o seu emprego mediante os contactos e o 25,8% a través da solicitude por iniciativa propia. Sen embargo, no primeiro emprego as principais vías foron os contactos e os anuncios en medios de comunicación, taboleiros e Internet. Soamente un 3,2% de alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego.


O 31,9% do alumnado de Comercio e márketing continúan estudando, sobre todo cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, idiomas, etc. O 9,9% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos), estando lixeiramente por debaixo da media xeral (10,3%).




Gráficas 78. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Comercio e márketing




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Edificación e obra civil

O 41,1% dos alumnos/as activos/as encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por riba da media xeral dos que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Atendendo a súa situación actual, o 31,7% do alumnado ocupa un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 45,5% está buscando emprego e un 21,1% está estudando como actividade principal. O 48% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 82,8% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo).



Alumnado:
248 persoas


Atendendo aos resultados recollidos no primeiro emprego e no posto de traballo actual, o 35,9% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por debaixo da media xeral (59,7%) e do recollido no primeiro emprego (40%). Este dato sitúa a familia de Edificación e obra civil entre as que é menos habitual que os seus alumnos e alumnas ocupen postos relacionados co ciclo.

O 28,2% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 46,4% acadaron o seu emprego mediante os contactos, mentres que no primeiro emprego esta vía é empregada polo 61,1% do alumnado. O centro educativo non é identificado por ningunha persoa entrevistada como mecanismo de acceso ao mercado de traballo. O 7,1% dos alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego.


Preto da metade dos alumnos/as continúan estudando (48,8%), ben sexa outro ciclo formativo, estudos universitarios ou outro tipo de formación (cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, idiomas, etc.). O 9,8% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, a súa gran maioría a medio prazo (entre un e tres anos), estando lixeiramente por debaixo da media xeral (10,3%).




Gráficas 79. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Edificación e obra civil




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Electricidade e electrónica

O 35,1% do alumnado activo encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por debaixo da media xeral de alumnos/as que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Atendendo a súa situación actual, o 27,3% das persoas ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 50,5% está buscando emprego e un 21,6% está estudando como actividade principal. O 61,3% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado, sendo unha das familias con maior porcentaxe de persoas que aínda non acadaron un posto de traballo tras deixar as aulas. Dos que si o obtiveron, o 73,6% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo).



Alumnado:
1.082 persoas


Comparando os resultados observados no primeiro emprego co posto de traballo actual, o 52,8% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por debaixo da media xeral (59,7%) pero por riba do recollido no primeiro emprego (45,5%).

O 37,7% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 57,6% acadaron o seu emprego mediante os contactos, sendo esta tamén a principal vía seguida no primeiro emprego. O centro educativo non é identificado por ningunha persoa entrevistada como mecanismo de acceso ao mercado de traballo. O 12,1% dos alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego.


O 44,8% de alumnos e alumnas que remataron a FCT na familia de Electricidade e electrónica continúan estudando, sobre todo outros ciclos formativos de FP ou outro tipo de formación (cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, etc.). En canto o seu carácter emprendedor, o 9,3% ten a intención de crear a súa propia empresa nos vindeiros anos, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos), resultado por debaixo da media xeral (10,3%).




Gráficas 80. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Electricidade e electrónica




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Energía e auga

O 36,8% dos alumnos/as activos/as encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por debaixo da media xeral dos que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Atendendo a súa situación actual, o 29,2% do alumnado ocupa un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 50% está buscando emprego e un 20,8% está estudando como actividade principal. Aínda que o 54,2% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 90,9% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo).



Alumnado:
70 persoas


Atendendo aos resultados recollidos no primeiro emprego e no posto de traballo actual, o 28,6% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado moi inferior á media xeral (59,7%) e do recollido no primeiro emprego (50%). Enerxía e auga destaca como a primeira familia onde existe menor relación emprego actual-ciclo. O 14,3% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%), colocándose entre as familias onde é menos habitual encontrar alumnos e alumnas que remataron a FCT traballando actualmente na empresa onde realizaron as prácticas do ciclo.

Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, a metade acadaron o seu emprego mediante os contactos. No primeiro emprego, ademais dos contactos, a outra metade dos alumnos e alumnas acceden ao seu posto a través dos anuncios en prensa, taboleiros e Internet. O centro educativo non é identificado por ningunha persoa entrevistada como mecanismo de acceso ao mercado de traballo. O 16,7% dos alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego, colocando a esta familia entre as que é máis frecuente utilizar esta vía para obter un posto no mercado laboral.


O 54,2% dos alumnos/as continúan estudando, ou ben outros ciclos formativos, estudos universitarios ou outro tipo de formación (cursos de formación continua e ocupacional, cursos en centros de formación privados, etc.). O 91,7% declara non ter intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sendo unha das familias onde existe menos iniciativa emprendedora.




Gráficas 81. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Enerxía e auga




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Fabricación mecánica

O 40,4% do alumnado activo encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por riba da media xeral de alumnos/as que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Atendendo a súa situación actual, o 35,3% das persoas que finalizaron a FCT ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%). Mentres, o 51,9% está buscando emprego e o 12,8% está estudando como actividade principal. O 46,2% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 78,9% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo).



Alumnado:
456 persoas


Facendo a comparativa dos resultados acadados no primeiro emprego e no emprego actual, o 69,1% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por riba da media xeral (59,7%) e do recollido no primeiro emprego (65,5%). O 47,3% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Este resultado sitúa á familia de Fabricación mecánica entre as que é máis habitual que os seus alumnos/as ocupen postos de traballo nas empresas onde realizaron as prácticas non laborais do ciclo.

Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 51,7% acadaron o seu emprego mediante os contactos, sendo esta tamén a principal vía utilizada no primeiro emprego. O centro educativo ten un importante papel como vía de acceso ao mercado de traballo para o alumnado desta rama, sendo o principal medio de acceso ao posto de traballo para o 10,3% das persoas. Soamente o 3,4% dos alumnos/as acceden ao seu emprego actual mediante o autoemprego.


O 31,4% dos alumnos e alumnas de Fabricación mecánica continúan estudando, basicamente outros ciclos formativos de FP ou outro tipo de formación (cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, idiomas, etc.). O 92,3% declara non ter intención de crear a súa propia empresa nos vindeiros anos, sendo unha das familias onde existe menos iniciativa emprendedora.




Gráficas 82. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Fabricación mecánica




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Hostalaría e turismo

O 49,3% do alumnado activo encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral moi por riba da media xeral de alumnos/as que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Hostalaría e turismo é a familia con maior nivel de inserción laboral do conxunto de FP. Atendendo a súa situación actual, o 40,2% das persoas ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 41,3% está buscando emprego e un 18,4% está estudando como actividade principal. O 30,7% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 85,7% acadárono nos primeiros 6 meses, principalmente de forma inmediata tras rematar o ciclo.




Alumnado:
735 persoas

Atendendo aos resultados recollidos no primeiro emprego e no posto de traballo actual, o 73,6% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por riba da media xeral (59,7%) e rexistrándoa como unha das familias onde se presenta maior relación emprego-ciclo. No obstante, este dato está por debaixo do recollido no primeiro emprego (80,8%). O 20,8% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 52,6% acadaron o seu emprego mediante os contactos, sendo tamén a principal vía utilizada no primeiro emprego. Soamente un 1,8% de alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego.


O 43% dos alumnos/as de Hostalaría e turismo continúan estudando, principalmente outros ciclos formativos de FP ou outro tipo de formación (cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, idiomas, etc.). Un de cada catro dos que seguen estudando, están traballando actualmente. O 17,9% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos). Este dato está por riba da media xeral (10,3%) e presenta ao alumnado desta familia como un dos que máis iniciativa emprendedora ten.




Gráficas 83. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Hostalaría e turismo




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Imaxe e son

O 31,5% dos alumnos/as activos/as encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por debaixo da media xeral dos que remataron a FCT (38,8%) e situándoa entre as familias con menor nivel de inserción laboral do conxunto de FP. Atendendo a súa situación actual, o 23,8% do alumnado ocupa un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 51,7% está buscando emprego e un 23,8% está estudando como actividade principal. O 52,4% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 65,7% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo). Destaca un 14,9% que xa tiña un posto de traballo antes de comezar co ciclo.



Alumnado:
387 persoas


Facendo a comparativa dos resultados acadados no primeiro emprego e no emprego actual, o 31,4% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado moi inferior á media xeral (59,7%) e do recollido no primeiro emprego (62,9%). Este dato a rexistra como unha das familias onde existe menor relación emprego-ciclo.

O 8,6% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%), sendo tamén unha das familias onde é menos habitual que os seus alumnos e alumnas ocupen un posto nas empresas onde realizaron a FCT. Do resto de alumnos/as de Imaxe e son que traballan na actualidade, o 62,5% acadaron o seu emprego a través dos contactos, sendo esta tamén a principal vía utilizada no primeiro emprego. Un 6,3% de alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego.


O 49% do alumnado continúa estudando, sobre todo cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, idiomas, etc. O 17,7% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos). Este resultado está por riba da media xeral (10,3%) e presenta ao alumnado desta familia como un dos que máis iniciativa emprendedora ten.




Gráficas 84. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Imaxe e son




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Imaxe persoal

O 37,7% do alumnado activo encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral lixeiramente por debaixo da media xeral de alumnos/as que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Atendendo a súa situación actual, o 29,7% das persoas ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 49,1% está buscando emprego e un 21,1% está estudando como actividade principal. O 49,7% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 80% acadárono nos primeiros 6 meses, principalmente de forma inmediata tras deixar as aulas ou nos meses seguintes.



Alumnado:
656 persoas


Comparando os resultados observados no primeiro emprego co posto de traballo actual, o 69,2% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por riba da media xeral (59,7%) e do recollido no primeiro emprego (66,7%).

O 38,5% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). As principais vías de acceso ao posto de traballo seguidas polo resto de alumnos/as que traballan na actualidade, son os contactos (28,1%), a solicitude por iniciativa propia (25%) e o autoemprego (21,9%). Imaxe persoal destaca como a familia onde é máis frecuente utilizar o emprego por conta propia para obtención dun posto de traballo. No caso do primeiro emprego, ao redor da metade das persoas utilizan os contactos como principal vía de acceso ao mercado de traballo. O centro educativo ten tamén un importante papel nesta familia como medio para a obtención do posto actual, sendo utilizado polo 9,4% das persoas.


O 43,4% do alumnado continúan estudando, sobre todo outros ciclos formativos de FP ou outro tipo de formación (cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, etc.). O 14,9% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos), estando por riba da media xeral (10,3%).




Gráficas 85. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Imaxe persoal




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Industria alimentaria

O 37,3% dos alumnos/as activos/as encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral lixeiramente por debaixo da media xeral dos que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Atendendo a súa situación actual, o 33,3% do alumnado ocupa un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 56% está buscando emprego e un 10,7% está estudando como actividade principal, sendo esta familia unha das que menor porcentaxe de alumnos/as rexistra neste aspecto. O 46,4% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 74,4% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo).




Alumnado:
140 persoas

Comparando os resultados observados no primeiro emprego co posto de traballo actual, o 67,9% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por riba da media xeral (59,7%) pero por debaixo do recollido no primeiro emprego (70,6%). O 28,6% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 40% acadaron o seu emprego mediante a solicitude por iniciativa propia, mentres que no primeiro emprego a principal vía utilizada son os contactos. Destaca o papel xogado polo centro educativo no acceso ao primeiro emprego, sendo o principal medio seguido polo 25% dos alumnos e alumnas dos ciclos de Industria alimentaria. Sen embargo, no emprego actual esta porcentaxe redúcese ao 5%. O 15% dos alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego.


O 32,1% dos alumnos/as continúan estudando, principalmente outros ciclos formativos de FP ou outro tipo de formación (cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, idiomas, etc.). O 16,7% ten a intención de crear a súa propia empresa nos vindeiros anos, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos). Este dato está por riba da media xeral (10,3%) e presenta ao alumnado desta familia como un dos que máis iniciativa emprendedora ten.




Gráficas 86. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Industria alimentaria




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Informática e comunicacións


O 33,3% do alumnado activo encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por debaixo da media xeral de alumnos/as que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Atendendo a súa situación actual, o 24,2% das persoas ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 48,3% está buscando emprego e un 27% está estudando como actividade principal, sendo unha das familias que máis destaca neste aspecto. O 65,2% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado, unhas das porcentaxes máis altas de FP. Dos que si o obtiveron, o 69,6% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo).




Alumnado:
718 persoas

Facendo a comparativa entre os datos do primeiro emprego e o emprego actual, o 81,4% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por riba da media xeral (59,7%) e do recollido no primeiro emprego (52,6%). Esta familia é na que existe maior relación emprego-ciclo. O 41,9% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%), destacando igualmente a familia neste aspecto. Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 44% acadaron o seu emprego mediante os contactos, sendo tamén a principal vía utilizada no primeiro emprego. O 16% dos alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego.


Destaca un 51,7% de alumnado que segue estudando, sobre todo cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, idiomas, entre outro tipo de estudos. É a familia que rexistra maior porcentaxe de alumnos/as continuando coa súa formación. O 10,7% ten intención de crear a súa propia empresa nos vindeiros anos, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos). Este dato é superior á media xeral de FP (10,3%).




Gráficas 87. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Informática e comunicacións




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Instalación e mantemento

O 39,6% dos alumnos/as activos/as encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral lixeiramente por riba da media xeral dos que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Atendendo a súa situación actual, o 31,3% do alumnado ocupa un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 47,8% está buscando emprego e un 20,9% está estudando como actividade principal. O 53% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 84,2% acadárono nos primeiros 6 meses, principalmente de forma inmediata tras deixar as aulas ou nos meses seguintes.



Alumnado:
388 persoas


Comparando os resultados observados no primeiro emprego co posto de traballo actual, o 59,5% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado similar á media xeral (59,7%) e por riba do recollido no primeiro emprego (38,1%).

O 35,7% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 48,1% acadaron o seu emprego mediante os contactos e un 37% mediante solicitude por iniciativa propia. No primeiro emprego, o 64,3% utilizan os contactos como principal vía e é importante o papel que xoga o centro educativo para a obtención do primeiro posto de traballo. O 7,4% dos alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego.


O 41,8% do alumnado de Instalación e mantemento continúa estudando, sobre todo outros ciclos formativos de FP. En canto ao seu carácter emprendedor, o 90,3% declara non ter a intención de crear a súa propia empresa nos vindeiros anos.




Gráficas 88. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Instalación e mantemento




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Madeira, moble e cortiza

O 34,6% do alumnado activo encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por debaixo da media xeral de alumnos/as que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Atendendo a súa situación actual, o 33,3% das persoas ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 63,1% está buscando emprego e soamente un 3,6% declara estar estudando como actividade principal. É unha das familias que menor porcentaxe de persoas rexistra que estudan. O 52,4% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 67,6% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo). Un 13,5% xa tiñan un posto de traballo antes de comezar co ciclo.



Alumnado:
136 persoas


Comparando os resultados observados no primeiro emprego co posto de traballo actual, o 60,7% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por riba da media xeral (59,7%) e do recollido no primeiro emprego (58,3%).

O 28,6% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 35% acadaron o seu emprego mediante os contactos e un 30% a través da solicitude por iniciativa propia. Sen embargo, no primeiro emprego o 44,4% das persoas utilizan a solicitude por iniciativa propia como principal vía de acceso ao mercado de traballo e un 33,3% os contactos. Un 5% de alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego.


O 21,4% do alumnado dos ciclos de Madeira, moble e cortiza continúan estudando, sobre todo outros ciclos formativos de FP ou outro tipo de estudos (cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, etc.). As persoas desta familia son das que menos continúan estudando do colectivo xeral de FP. O 10,7% ten intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos), unha porcentaxe similar á media xeral (10,3%).




Gráficas 89. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Madeira, moble e cortiza




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Marítimo-pesqueira

O 31,3% dos alumnos/as activos/as encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral moi por debaixo da media xeral dos que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Marítimo-pesqueira é unha das familias con menor nivel de inserción laboral do conxunto de FP. Atendendo a súa situación actual, o 26,1% do alumnado ocupa un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 57,4% está buscando emprego e un 16,5% está estudando como actividade principal. O 45,2% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 64,9% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo). Destaca un 17,5% de persoas que xa tiñan un posto de traballo antes de comezar co ciclo.



Alumnado:
226 persoas


Atendendo aos resultados recollidos no primeiro emprego e no posto de traballo actual, a metade dos alumnos/as da familia Marítimo-pesqueira traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por debaixo da media xeral (59,7%) e similar ao rexistrado no primeiro emprego (51,5%).

O 23,3% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 56,5% acadaron o seu emprego mediante os contactos, sendo tamén a principal vía utilizada no primeiro emprego. O 8,7% dos alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego.


O 33% do alumnado continúa estudando, ben sexa outros ciclos formativos, estudos universitarios ou outro tipo de formación (cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, idiomas, etc.). O 10,4% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos), estando lixeiramente por riba da media xeral (10,3%).




Gráficas 90. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Marítimo-pesqueira




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención de algún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Química

O 32,4% do alumnado activo encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por debaixo da media xeral de alumnos/as que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Atendendo a súa situación actual, o 26% das persoas ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 54,2% está buscando emprego e un 19,1% está estudando como actividade principal. O 61,8% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado, sendo unha das familias que máis destaca neste aspecto. Dos que si o obtiveron, o 68,8% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo).



Alumnado:
293 persoas


Facendo a comparativa dos resultados acadados no primeiro emprego e no emprego actual, a metade dos alumnos/as de Química traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por debaixo da media xeral (59,7%) pero por riba do rexistrado no primeiro emprego (31,3%).

O 26,5% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 36% acadaron o seu emprego por contactos, un 28% mediante a solicitude por iniciativa propia e un 24% a través de anuncios en medios de comunicación, taboleiros e Internet. Sen embargo, no primeiro emprego o 54,5% das persoas utilizan os contactos como a vía principal. Ningunha das persoas entrevistadas declaran acceder ao seu posto de traballo actual ou ao primeiro emprego mediante a modalidade do autoemprego.


A metade do alumnado que rematou a FCT na familia de Química continúa estudando, sobre todo cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, idiomas, etc. O 95,4% declara non ter intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sendo unha das familias onde existe menor iniciativa emprendedora.




Gráficas 91. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Química




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Sanidade

O 41,4% dos alumnos/as activos/as encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por riba da media xeral dos que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Atendendo a súa situación actual, o 31,5% do alumnado ocupa un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 44,6% está buscando emprego e un 23,5% está estudando como actividade principal. O 54,9% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 19,8% xa tiñan un emprego antes de comezar o ciclo e o 58,2% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo). O 22% restante tardaron máis tempo.




Alumnado:
2.142 persoas


Comparando os resultados observados no primeiro emprego co posto de traballo actual, o 64,2% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por riba da media xeral (59,7%) e do recollido no primeiro emprego (31%).

O 31,3% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 39,1% acadaron o seu emprego mediante os contactos e un 32,6% a través da solicitude por iniciativa propia. Sen embargo, no primeiro emprego os contactos son utilizados polo 43,5% das persoas, mentres que o envío do currículo por iniciativa propia soamente polo 21,7%. O 6,5% dos alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego.


O 45,5% do alumnado de Sanidade continúa estudando, sobre todo cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, etc. Soamente o 6,1% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos), estando por debaixo da media xeral de FP (10,3%).




Gráficas 92. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Sanidade




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación laboral do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Servizos socioculturais e á comunidade

O 44,4% do alumnado activo encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por riba da media xeral de alumnos/as que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). É unha das familias con maior nivel de inserción laboral do conxunto de FP. Atendendo a súa situación actual, o 33,5% das persoas ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 41,9% está buscando emprego e un 24,6% está estudando como actividade principal. O 49,7% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 70,2% acadárono nos primeiros 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo). Un 11,9% xa tiña un posto de traballo antes de comezar co ciclo.



Alumnado:
987 persoas


Comparando os resultados observados no primeiro emprego co posto de traballo actual, o 53,1% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por debaixo da media xeral (59,7%) e do recollido no primeiro emprego (56,3%).

O 21,9% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 46% acadaron o seu emprego mediante os contactos, chegando esta vía a ser empregada no primeiro emprego polo 71,4% das persoas. Soamente o 4% dos alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego.


O 49,2% do alumnado que rematou a FCT dos ciclos da familia de Servizos socioculturais e á comunidade continúa estudando, sobre todo estudos universitarios. O 9,4% ten intención de crear a súa propia empresa nun futuro, principalmente a medio prazo (entre un e tres anos), dato por debaixo da media xeral de FP (10,3%).




Gráficas 93. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Servicios socioculturais e á comunidade




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Téxtil, confección e pel

O 43,8% dos alumnos/as activos/as encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por riba da media xeral dos que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%) e sendo unha das máis altas do conxunto de FP. Atendendo a súa situación actual, o 31,8% do alumnado ocupa un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 40,9% está buscando emprego e un 27,3% está estudando. Trátase dunha das familias que maior porcentaxe de alumnos/as rexistra estudando como actividade principal. O 63,6% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado. Téxtil, confección e pel é unha das familias con maior porcentaxe de persoas que aínda non acadaron un posto de traballo tras deixar as aulas. Dos que si o obtiveron, o 83,3% acadárono nos primeiros 6 meses, destacando un 16,7% que o conseguiron mentres estudaban o ciclo.




Alumnado:
43 persoas

Atendendo aos resultados recollidos no primeiro emprego e no posto de traballo actual, o 71,4% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por riba da media xeral (59,7%) e do recollido no primeiro emprego, onde non existe ningunha relación emprego-ciclo segundo o exposto polas persoas entrevistadas. Esta familia encóntrase entre as que existe maior relación entre o emprego actual e o ciclo estudado. Ademais, é unha das familias onde é máis habitual que os seus alumnos/as ocupen actualmente postos de traballo nas empresas onde realizaron as prácticas non laborais do ciclo. O 42,9% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%). Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 50% acadaron o seu emprego a través de anuncios en medios de comunicación, taboleiros e Internet, un 25% mediante os contactos e o 25% restante por outra vía. Sen embargo, no primeiro emprego a totalidade de persoas entrevistadas declaran acceder ao seu posto de traballo mediante a solicitude por iniciativa propia. O centro educativo e o autoemprego non é identificado por ningunha persoa como mecanismo de acceso ao mercado de traballo.


A metade do alumnado da familia de Téxtil, confección e pel continúa estudando, principalmente cursos de formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, idiomas, etc. O 13,6% ten a intención de crear a súa propia empresa a medio prazo (entre un e tres anos). Este dato está por riba da media xeral (10,3%).




Gráficas 94. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Téxtil, confección e pel




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

Transporte e mantemento de vehículos

O 39,4% do alumnado activo encóntrase traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral lixeiramente por riba da media xeral de alumnos/as que remataron a FCT no ano 2013 (38,8%). Atendendo a súa situación actual, o 34,1% das persoas ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 30,6%), mentres que o 52,5% está buscando emprego e un 13,4% está estudando como actividade principal. O 53,6% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 73% acadárono nos primeiros 6 meses, principalmente de forma inmediata tras deixar as aulas.



Alumnado:
728 persoas


Facendo a comparativa dos resultados acadados no primeiro emprego e no emprego actual, o 50,8% dos alumnos/as traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por debaixo da media xeral (59,7%). No obstante, este dato está por riba do recollido no primeiro emprego (40,9%).

O 19,7% do alumnado que traballa, faino na empresa onde realizaron as prácticas (a media xeral é do 29%), sendo unha das familias onde é menos habitual que os seus alumnos e alumnas ocupen un posto nas empresas onde realizaron a FCT. Do resto de alumnos/as que traballan na actualidade, o 51% acadaron o seu emprego mediante os contactos, sendo tamén a principal vía utilizada no primeiro emprego. O 8,2% dos alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual mediante o autoemprego.


O 25,7% do alumnado continúa estudando, sobre todo outros ciclos formativos de FP. Os alumnos e alumnas dos ciclos da familia de Transporte e mantemento de vehículos son dos que menos continúan estudando do colectivo xeral de FP. O 17,3% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos), estando por riba da media xeral (10,3%) e presentando ao alumnado desta familia como un dos que máis iniciativa emprendedora ten.




Gráficas 95. Resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Transporte e mantemento de vehículos




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

RESULTADOS

Resultados por ciclos formativos

2.3. RESULTADOS POR CICLOS

